

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONSELLO DA CULTURA GALEGA E HIMILCE NOVAS PARA A DOAZÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO PERSOAL DE LINO NOVÁS CALVO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar con Himilce Novas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia indefinido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A determinación das condicións polas que se rexerá a colaboración entre D.^a Himilce Novas e o Consello da Cultura Galega para a doazón, conservación e difusión dos fondos do Arquivo particular de Lino Novás do que ela é titular.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Lino Novás Calvo (Mañón, A Coruña, 1903 – Nova York, USA, 1983) é unha das principais referencias da narrativa cubana do século XX. Ao mesmo tempo, encarna un dos principais exemplos da emigración galega que tivo un papel moi relevante no campo da cultura e a literatura. Por todo iso, a súa vida e a súa obra constitúen un importante legado cultural a protexer e difundir.

Doña Himilce Novas, é herdeira e propietaria do arquivo persoal do escritor cubano de orixe galega, Lino Novás Calvo, que reflexa moi diferentes aspectos da súa vida persoal e profesional relevantes para o estudo da súa figura e da literatura latinoamericana do século XX.

Que o Consello da Cultura Galega está interesado en difundir a obra dos autores galegos, que realizaron o seu labor en Galicia ou fóra de Galicia.

O Consello da Cultura Galega comprométese, en virtude do presente Convenio de Colaboración, á conservación e á dixitalización da documentación que se conservará como un fondo unitario dentro dos fondos documentais do Consello da Cultura Galega coa denominación «FONDO LINO NOVÁS», así como á súa divulgación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de novembro de 2016